

PALABRA DE VIDA

Xullo 2025

«Pero un samaritano que ía de camiño chegou xunto a el e, ao velo, tivo compaixón» (Lc 10, 33).

Martine viaxa en metro nunha gran cidade europea. Todos os pasaxeiros están concentrados no seu móbil. Conectados virtualmente, pero en realidade atrapados no illamento. Pregúntase: «É que xa non somos capaces de mirarnos aos ollos?».

É unha experiencia común, sobre todo nas sociedades ricas de bens materiais pero cada vez máis pobres de relacións humanas. E con todo, o Evanxeo volve sempre coa súa proposta orixinal e creativa, capaz de «facer novas todas as cousas» (cf. Ap 21, 5).

No longo diálogo co doutor da Lei que lle pregunta que facer para herdar a vida eterna (cf. Lc 10, 25–37), Xesús respóndelle coa famosa parábola do bo samaritano: un sacerdote e un levita, figuras relevantes da sociedade daquel tempo, ven ao beira do camiño a un home agredido por uns salteadores, pero pasan de longo.

«Pero un samaritano que ía de camiño chegou xunto a el e, ao velo, tivo compaixón».

Ao doutor da Lei, que coñece ben o mandamento divino do amor ao próximo (cf. Dt 6,5; Lv 19, 18), Xesús ponlle como exemplo un estranxeiro considerado cismático e inimigo: éste ve ao camiñante ferido e ten compaixón, un sentimento que nace de dentro, do interior do corazón humano. Entón interrompe a súa viaxe, achégase a el e cóidao.

Xesús sabe que toda persoa humana está ferida polo pecado, e esta é precisamente a súa misión: curar os corazóns coa misericordia e o perdón gratuito de Deus, para que sexan á súa vez capaces de achegarse e compartir.

«[...] Para aprender a ser misericordiosos como o Pai, perfectos como El, temos que fixarnos en Xesús, revelación plena do amor do Pai. [...] o amor é o valor absoluto que dá sentido a todo o demais, [...] que atopa a súa máis alta expresión na misericordia. Unha misericordia que axuda a ver sempre novas ás persoas coas que vivimos cada día, na familia, en clase ou no traballo, sen lembrar xa os seus defectos nin os seus erros; que nos axuda non só a non xulgar, senón a perdoar as ofensas sufridas. Mesmo a esqueceras»¹.

«Pero un samaritano que ía de camiño chegou xunto a el e, ao velo, tivo compaixón».

A resposta final e decisiva exprésase cunha clara invitación: «Vaite e fai ti o mesmo» (Lc 10, 37). É o que Xesús repite a calquera que acolla a súa Palabra: facerse próximos, tomando a iniciativa de tocar as feridas das persoas coas que nos cruzamos cada día nos camiños da vida.

Para vivir a proximidade evanxélica, pidamos ante todo a Xesús que nos cure da cegueira dos prexuízos e a indiferenza, que nos impide ver máis aló de nós mesmos.

¹ C. Lubich, Palabra de vida, xuño 2002: *Ciudad Nueva* n. 388 (2002/6), p. 17.

Logo, aprendamos do Samaritano a súa capacidade de compaixón, que o empuxa a poñer en xogo o seu mesma vida. Imitemos a súa prontitude en dar o primeiro paso cara ao outro e a dispoñibilidade para escoitalo, a facer nosa a súa dor, sen xuízos e sen a preocupación de estar «a perder o tempo».

Esa é a experiencia dunha moza coreana: «Tratei de axudar a un adolescente que non era da miña cultura e ao que non coñecía ben. E con todo, aínda que non sabía que facer nin como, armeime de valor e fíxeno. E con sorpresa deime conta de que, ao prestar esa axuda, eu mesma sentínme curada das miñas feridas interiores».

Esta Palabra ofrécenos a clave para practicar o humanismo cristián: fainos conscientes da nosa humanidade compartida, na que se reflicte a imaxe de Dios, e nos ensina a superar con valentía a categoría da proximidade física e cultural. Dende esta perspectiva é posible ampliar as fronteiras do *nós* ata o horizonte do *todos* e recobrar os fundamentos mesmos da vida social.

Letizia Magri e o equipo da Palabra de Vida